



PLAN DIXITAL

CPR. JORGE JUAN

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CPR. JORGE JUAN

Dirección: Rúa marcial Calvo, 1. 15570 Narón

Páxina web: www.colegiojorgejuanxuvia.com

Etapas educativas: Infantil, primaria e Secundaria

Alumnado:

Educación Infantil - 4º Infantil - 20 (7 nenas e 13 nenos)

5º Infantil - 16 (6 nenas e 10 nenos)

6º Infantil - 14 (4 nenas e 10 nenos)

Educación Primaria - 1º - 25 (14 nenas e 11 nenos)

2º - 21 (8 nenas e 13 nenos)

3º - 11 (6 nenas e 5 nenos)

4º - 20 (7 nenas e 13 nenos)

5º - 19 (9 nenas e 10 nenos)

6º - 18 (9 nenas e 9 nenos)

Educación Secundaria - 1º - 22 (9 nenas e 13 nenos)

2º - 22 (7 nenas e 15 nenos)

3º - 26 (11 nenas e 15 nenos)

4º - 17 (9 nenas e 8 nenos)

Profesorado: 25 profesores/as

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O noso centro está situado na parroquia de Xuvia, a maioría do alumnado é da contorna, aínda que temos alumnos e alumnas dos concellos veciños, Neda e algún de Ferrol. O colexio conta cunha única liña concertada en Educación Infantil, Primaria e Secundaria, polo que a oferta educativa vai dos 3 anos ata os 16, toda a ensinanza obrigatoria. É un dos tres centros concertados do Concello de Narón, no que se ofrecen servizos de madrugadores e comedor escolar. Caracterízanos pola proximidade no trato coas familias e alumnado, atención individualizada e ambiente familiar e acoledor. Predominan as familias de clase media ou clase media baixa, estas últimas máis afectadas pola crise económica. As familias inmigrantes representan unicamente o 5% do alumnado. Na maioría das familias detéctase interese no seguimento da educación dos seus fillos e fillas, feito que se constata polo contacto frecuente que manteñen cos titores, profesores e coa dirección.

O alumnado está moi integrado no centro, sendo este un referente importante na súa vida; ademais participa e colabora activamente nas actividades que se organizan.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa

O Plan Dixital de centro enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensinanza aprendizaxe como no proceso de xestión do centro, sempre co obxectivo de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Por ese motivo, O Plan dixital é un instrumento que se integra no Proxecto Educativo, no Proxecto de Dirección e na Programación Xeral Anual.

O Plan Dixital ten, polo tanto un enfoque de centro sobre o uso dos recursos pedagóxicos dixitais dispoñibles para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, de maneira que se converte nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, dando coherencia e sendo una guía do uso das tecnoloxías. O Plan Dixital é un instrumento que forma parte do proxecto Educativo e da PXA.

Todos os proxectos a levar a cabo no centro están relacionados entre si, e o uso das novas tecnoloxías para levalos a cabo é imprescindible. Os obxectivos do Plan Dixital teñen moi presentes os distintos proxectos nos que o centro participa:

- Programa prensa- escola
- Voz Natura
- Cardioescolas
- Plan Proxecta:
 - Proxecto de Vida activa e deportiva
 - Proxecto Terra: Transformado patios escolares
- PLAMBE

Dende o curso 2019/2020, o centro comezou a usar G-Suite e Classroom, non soamente como ferramentas Tics educativas senón tamén como unha ponte entre a escola e a comunidade educativa.

Google Classroom é unha plataforma gratuíta educativa que fomenta a comunicación entre o centro e a comunidade educativa en especial entre o profesorado e o alumnado e as familias.

As vantaxes do uso da aplicación:

- O alumno/a pasa a ser o protagonista da súa aprendizaxe. Son suxeitos activos, adquiren responsabilidade, interaccionan e participan. Teñen un alto grado de compromiso coa súa aprendizaxe.
- Tempo extenso para revisar conceptos teóricos e usar a clase para resolución de dúbidas , de maneira individual ou colectiva.
- Diversidade do alumnado atendida: O profesor encarga actividades diversificadas adaptadas a todo tipo de alumnado.
- Aprendizaxe máis significativa. Menos memoria e aprendizaxe que perdura no tempo, que lles serve para defenderse na sociedade.
- Desenrolo de competencias mediante o uso das Tics, traballo colaborativo, autonomía do alumnado...

- Aumento da motivación, a aprendizaxe pasa a ser un proceso divertido. Adquiren habilidades, fanse autónomos e toman decisión.
- Aforro de papel e consumibles, respecto ao medio ambiente.
- Retroalimentación entre pais e alumnos/as de maneira sinxela. Integración en calendarios.
- Facilita o uso de metodoloxías activas.
- App para Androide dispositivos Apple.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

As tecnoloxías da información e da comunicación son un compoñente importante da aprendizaxe dos alumnos que precisa a formulación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación dentro de cada unha das áreas.

A utilización desta ferramenta no ensino comporta a obtención da máxima rendibilidade de cantos recursos persoais e tecnolóxicos teñan, ou poida acadar o centro, e a súa eficacia dependerá dunha aplicación planificada e selectiva dos devanditos recursos.

Co Plan dixital pretendemos optimizar os recursos existentes no centro e propor obxectivos reais e factibles de cara a mellorar o uso das novas tecnoloxías por parte do alumnado como do profesorado de cara ao curso 22/23. A análise realizada do uso e dos recursos do centro, as fortalezas e as debilidades encontradas despois dos cuestionarios realizados darán a oportunidade de ir mellorando nos cursos vindeiros.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Lexislación a aplicar para a elaboración do Plan Dixital.

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

O uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá aceleraron cambios profundos na comprensión da realidade e na maneira de comprometerse e participar nela, nas capacidades para construír a propia personalidade e aprender ao longo da vida, na cultura e na convivencia democráticas, entre outros. Este cambio de enfoque require dunha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía, de como este impacto é diferente nas mulleres e nos homes e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medioambiente, que se desenrole tanto na competencia dixital do alumnado como na competencia dixital docente. Polo tanto, faise necesario que o sistema educativo de resposta a esta realidade social e inclúa un enfoque da competencia dixital máis moderno e amplo, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para o aprendizaxe permanente.

A Lei tamén insiste na necesidade de ter en conta o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta á actividade educativa. Polo tanto, o desenrolo da Competencia Dixital é clave para que, tanto o profesorado como o alumnado, poidan desenvolverse nos novos escenarios, de maneira que o alumnado poida desenrolar as habilidades e competencias do século XXI, e o profesorado poida mellorar e modernizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe. É por isto, que todas as accións educativas que se leven a cabo nos centros necesitan que se garantisen tres piares básicos que conforman un trinomio indivisible: pedagogía, tecnoloxía e espazos inspiradores, onde cada elemento solo ten sentido pola súa conxunción co resto.

Por outra banda, a fenda dixital (dificultade para o acceso a dispositivos e conectividade) evidenciou as desigualdades e vulnerabilidade socioeducativas do alumnado e das familias. En consecuencia, o lograr acceso a dispositivos e conectividade para todos e todas debe ser un dos obxectivos prioritarios nas políticas educativas actuais, para garantir unha educación de calidade, inclusiva e equitativa, e para promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas. O plan dixital de centro debe contemplar, entre as súas actuacións, estratexias para

compensar as desigualdades e reducir a fenda dixital, facilitando a educación dixital nos distintos escenarios (ensinanza presencial e ensinanza non presencial) e poñendo a disposición do alumnado máis vulnerable dispositivos con conectividade, mediante préstamo, si fora necesario.

Por último, o uso das tecnoloxías dixitais por parte do alumnado require unha axeitada formación en cidadanía dixital para acadar un bo uso e desfrute das mesmas, garantindo, por un lado, un desenvolvemento pleno, seguro, saudable e responsable e por outro, a protección de datos persoais e os dereitos dixitais propios e alleos. Estes aspectos claves para o desenrolo integral do alumnado deben ser tamén obxectivos do plan dixital de centro.

1.4. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

Constúíuse un grupo de traballo, a través do Plan de formación do Profesorado. Os membros de este grupo de traballo forman parte do equipo do Plan dixital de centro. Nomease un coordinador, que corresponde co profesorado especialista en TICs, do centro, que guiou en todo momento o traballo do grupo.

Realizouse o SELFIE e seguindo as pautas marcadas pola administración analizáronse os resultados DAFO e elaboráronse propostas de mellora.

Para a elaboración e coordinación do Plan TIC distinguimos tres fases ou momentos no desenrolo do mesmo:

- a) 1ª Fase: Análises. Completando e detectando as necesidades, debilidades e problemas que necesitan acción concretas no centro. Fase en constante evolución.
- b) 2ª Fase: Desenrolo. Posta en práctica das diferentes accións susceptibles de ser realizadas. Toda a comunidade educativa e os axentes específicos, levarán a cabo os aspectos recollidos neste documento de acordo a súa función.
- c) 3ª Fase: Avaliación. Como base para unha mellora continua, recopilaranse resultados, e a avaliación das acción e procesos que se levaron a cabo mediante a ferramenta SELFIE. Con o claustro preceptivo de final de curso presentaranse os resultados. Unha vez aprobado

publicarase o Plan Dixital na Web do centro, na plataforma dixital da ferramenta Google classroom e formará parte dos “Documentos Institucionais”

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

| AULA | SISTEMA OPERATIVO | PROCESADOR | MEMORIA RAM | DISCO DURO | CONEXION | TIPO DE EQUIPO |
|-----------------------|-------------------|-------------------|-------------|------------|----------|----------------|
| 4º EDUCACIÓN INFANTIL | Windows 7 | CELERON 1005M | 4 GB | HDD 300 GB | Wifi | Portátil |
| 5º EDUCACIÓN INFANTIL | Windows 10 | I3-6006U | 4GB | SSD 120 GB | Wifi | Portátil |
| 6º EDUCACIÓN INFANTIL | Windows 10 | Celeron N2840 | 4 GB | HDD 420 GB | Wifi | Portátil |
| 1º EDUCACIÓN PRIMARIA | Windows 10 | Intel Celeron 575 | 4 GB | HDD 165 GB | Wifi | Portátil |
| 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | Windows 10 | Dual Core E53000 | 4 GB | HDD 465 GB | Wifi | Sobre mesa |
| 3º EDUCACIÓN PRIMARIA | Windows 10 | Dual Core E53000 | 4 GB | HDD 240 GB | Wifi | Sobre mesa |
| 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | Windows 10 | Dual Core E53000 | 4 GB | HDD 240 GB | Wifi | Sobre mesa |
| 5º EDUCACIÓN PRIMARIA | Windows 10 | Dual Core E53000 | 4 GB | HDD 240 GB | Wifi | Sobre mesa |
| 6º EDUCACIÓN PRIMARIA | Windows 10 | Dual Core E53000 | 4GB | HDD 240 GB | Wifi | Sobre mesa |
| DIRECCIÓN | Windows 10 | I5 2500 | 8 GB | SSD 240 GB | Cable | Sobre mesa |

| | | | | | | |
|-----------------------|------------|------------------|------|------------|-------|-------------|
| SECRETARÍA | Windows 10 | I5 4460 | 8 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| SALA DE PROFES | NON TEN | | | | | |
| BIBLIOTECA | Windows 10 | I5 7400 | 8 GB | HDD 1 TB | Wifi | Sobre mesa |
| BIBLIOTECA CONSULTA 1 | Chrome OS | Mediatek 8173C | 4 GB | eMMC 16GB | Wifi | Chrom ebook |
| BIBLIOTECA CONSULTA 2 | Chrome OS | Mediatek 8173C | 4 GB | eMMC 16GB | Wifi | Chrom ebook |
| BIBLIOTECA CONSULTA 3 | Chrome OS | Mediatek 8173C | 4GB | eMMC 16GB | Wifi | Chrom ebook |
| BIBLIOTECA CONSULTA 4 | Chrome OS | Mediatek 8173C | 4 GB | eMMC 16GB | Wifi | Chrom ebook |
| BIBLIOTECA CONSULTA 5 | Chrome OS | Mediatek 8173C | 4 GB | eMMC 16GB | Wifi | Chrom ebook |
| BIBLIOTECA CONSULTA 6 | Chrome OS | Mediatek 8173C | 4 GB | eMMC 16GB | Wifi | Chrom ebook |
| AULA PT/AL | Windows 10 | I3 5400 | 4 GB | HDD 960 GB | Wifi | Sobre mesa |
| ORIENTACIÓN | NON TEN | | | | | |
| 1º E.S.O. | Windows 10 | Dual Core E57000 | 6 GB | SSD 240 GB | Wifi | Sobre mesa |
| 2º E.S.O. | Windows 10 | Dual Core E57000 | 6 GB | HDD 465 GB | Wifi | Sobre mesa |
| 3º E.S.O. | Windows 10 | Dual Core E57000 | 6 GB | HDD 465 GB | Wifi | Sobre mesa |
| 4º E.S.O. | Windows 10 | Dual Core E57000 | 4 GB | HDD 465 GB | Wifi | Sobre mesa |
| AULA DESDOBLES | Windows 10 | Dual Core E57000 | 4 GB | HDD 465 GB | Wifi | Sobre mesa |
| AULA DE APOYO (2) | Windows 10 | Dual Core E57000 | 4 GB | HDD 465 GB | Wifi | Sobre mesa |
| AULA TICS PROFESOR | Windows 10 | I5-2400 | 8 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 1 | Windows 10 | I5-3470 | 6 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 2 | Windows 10 | I5-3470 | 4 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |

| | | | | | | |
|--------------|------------|------------------|------|------------|-------|------------|
| AULA TICS 3 | Windows 10 | Pentium G3250 | 4 GB | SSD 120 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 4 | Windows 10 | I3-4160 | 4 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 5 | Windows 10 | I3-4170 | 4 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 6 | Windows 10 | I3-4160 | 4 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 7 | Windows 10 | I3-4130T | 4 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 8 | Windows 10 | I3-4130T | 4 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 9 | Windows 10 | I3-4130T | 4 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 10 | Windows 10 | Dual Core E57000 | 4 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 11 | Windows 10 | Sempron 145 | 4 GB | HDD 465 GB | Cable | Sobre mesa |
| AULA TICS 12 | Windows 10 | Dual Core E53000 | 4 GB | HDD 300 GB | Cable | Sobre mesa |
| MUSICA | NON TEN | | | | | |
| RADIO | Windows 7 | I3 4000M | 4 GB | HDD 465 GB | Wifi | Portátil |
| | | | | | | |

PIZARRAS DIXITAIS INTERACTIVAS

| CURSO | PDI MODELO |
|-----------------------|---------------------------|
| 4º EDUCACIÓN INFANTIL | GALNEO |
| 5º EDUCACIÓN INFANTIL | PANASONIC ELITE PANABOARD |
| 6º EDUCACIÓN INFANTIL | GALNEO |
| 1º EDUCACIÓN PRIMARIA | IQ BOARD P8N ver. 7 |
| 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | CLEVERBOARD TOUCHLITE |
| 3º EDUCACIÓN PRIMARIA | IQ BOARD VIVITECK |
| 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | NON HAI |
| 5º EDUCACIÓN PRIMARIA | NON HAI |
| 6º EDUCACIÓN PRIMARIA | NON HAI |
| PT/AL | NON HAI |

| | |
|-------------------|-----------------------|
| BIBLIOTECA | NON HAI |
| AULA TICS | PROMETHEAN ACTIVBOARD |
| AULA DESDOBLE | NON HAI |
| AULA DE APOYO (2) | NON HAI |
| RADIO | NON HAI |
| 1º E.S.O. | NON HAI |
| 2º E.S.O. | NON HAI |
| 3º E.S.O. | NON HAI |
| 4º E.S.O. | NON HAI |
| ORIENTACIÓN | NON HAI |
| MÚSICA | NON HAI |

PROXECTORES

| CURSO | MODELO |
|-----------------------|----------------------|
| 4º EDUCACIÓN INFANTIL | PANASONIC PT LX-22 |
| 5º EDUCACIÓN INFANTIL | NEC NP110 |
| 6º EDUCACIÓN INFANTIL | OPTOMA VGA DLP S310e |
| 1º EDUCACIÓN PRIMARIA | HACER X113P |
| 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | OPTOMA ES515 |
| 3º EDUCACIÓN PRIMARIA | BENQ MS 536 |
| 4º EDUCACIÓN PRIMARIA | HACER X113P |
| 5º EDUCACIÓN PRIMARIA | WIMIUS |
| 6º EDUCACIÓN PRIMARIA | OPTOMA MHL W310 |
| PT/AL | NON HAI |
| BIBLIOTECA | NON HAI |
| AULA TICS | HACER XP113P |
| AULA DESDOBLE | WIMIUS |
| AULA DE APOYO (2) | NEC V260 |
| RADIO | NON HAI |
| 1º E.S.O. | EPSON EBS41 |
| 2º E.S.O. | EPSON EBS41 |
| 3º E.S.O. | EPSON EBS41 |
| 4º E.S.O. | HACER X113P |

| | |
|-------------|---------|
| ORIENTACIÓN | NON HAI |
| MÚSICA | NON HAI |

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|--|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 4.8 | 3.6 | | | |
| | Profesorado | 3.5 | 3.7 | | | |
| | Alumnado | - | - | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 4.7 | 3.4 | | | |
| | Profesorado | 3.3 | 3.6 | | | |
| | Alumnado | 3.4 | 3.4 | | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 4.4 | 4.5 | | | |
| | Profesorado | 3.8 | 4.4 | | | |
| | Alumnado | 3.9 | 4.4 | | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 4.7 | 3.8 | | | |
| | Profesorado | 3.8 | 3.7 | | | |
| | Alumnado | - | - | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 5 | 3.8 | | | |
| | Profesorado | 4 | 3.6 | | | |
| | Alumnado | - | 4.2 | | | |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 4 | 3.5 | | | |
| | Profesorado | 3.4 | 3.6 | | | |
| | Alumnado | 3.3 | 3.3 | | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 3.3 | 3.1 | | | |
| | Profesorado | 2.8 | 3.5 | | | |
| | Alumnado | - | 3.1 | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 4.4 | 3.4 | | | |
| | Profesorado | 3.6 | 3.7 | | | |
| | Alumnado | 3.7 | 3.4 | | | |

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | <u>20</u> | <u>24</u> | <u>83%</u> |
| PROVISIONAL | | | |
| INTERINO | | | |
| SUBSTITUTO | <u>1</u> | <u>24</u> | <u>4%</u> |
| DESPRAZADO | | | |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| <u>86,3</u> | Integrador/a B1 | <u>76,4</u> | Integrador/a B1 |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|-------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| ESO | 97 | Experto/a (B2) | 79,2 | Integrador/a B1 |
| Inf. | 79 | Integrador/a B1 | 68,2 | Integrador/a B1 |
| Pri. | 77 | Integrador/a B1 | 75,4 | Integrador/a B1 |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| A1 | | |
| A2 | 4 | 19% |
| B1 | 10 | 47,6% |
| B2 | 7 | 33,3% |
| C1 | 1 | 4,8% |
| C2 | | |
| TOTAL | 22 | 104,7% |

2.3. Análise DAFO

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|-------------------|------------------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <p>1. Dispón dunha infraestrutura axeitada, fiable e segura que facilita a innovación na ensinanza e aprendizaxe.</p> <p>2. Hai coincidencia entre o equipo directivo e o profesorado e aínda que o alumnado outórgalle unha puntuación menor, ten unha boa opinión en canto ás facilidades de dispositivos para a súa aprendizaxe no centro.</p> <p>3. O centro dispón dunha boa e fiable conexión a internet (WIFI)</p> <p>4. Equipamento informático nas aulas.</p> | <p>1. A protección de datos é un punto a mellorar no noso centro.</p> <p>2. Conexión a internet mellorable (Cable)</p> |
| | PERSONAL DOCENTE | <p>1. O persoal está aberto ás novas modalidades de aprendizaxe e á formación persoal para acadar un desenvolvemento profesional que integre os novos modelos de ensinanza, utilizando tecnoloxías dixitais para mellorar os resultados das aprendizaxes do alumnado.</p> <p>2. Destacada utilización de recursos educativos en liña.</p> | <p>1. O centro debe mellorar na promoción dunha cultura de colaboración e comunicación, compartindo experiencias e aprendizaxes fora da organización, intercambiándoas con outras entidades e organizacións.</p> <p>2. Débese documentar máis e mellor a aprendizaxe do alumnado.</p> <p>3. O profesorado considera que deberíase mellorar a autoreflexión da aprendizaxe.</p> <p>4. Nivel de competencia dixital mellorable.</p> <p>5. A falta de tempo afecta negativamente no ensino e aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> |
| | PERSONAL NON DOCENTE | | |
| | ALUMNADO | <p>1. O alumnado considera que o centro dispón de dispositivos axeitados para a súa aprendizaxe.</p> <p>2. Alto nivel de competencia dixital segundo o resultado do TestCDD.</p> | <p>1. Aprender a codificar ou programar, aprender a comunicarse, a recoñecer o traballo dos demais, así como a creación de contidos dixitais. Débese tentar que o alumnado aumente o tempo de traballo</p> |

| | | |
|-------------------------------|--|---|
| | <p>3. Elevado nivel de acceso a internet fóra do centro.</p> <p>4. Comportamento responsable no uso das tecnoloxías dixitais.</p> | <p>coa tecnoloxía tanto no centro como fora do mesmo.</p> <p>2. F5 Escasa colaboración do alumnado en canto a o uso das tecnoloxías dixitais para o aprendizaxe.</p> <p>3. Parte do alumnado ten un acceso limitado a dispositivos dixitais.</p> <p>4. O uso dos dispositivos dixitais pode supoñer unha distracción cando teñen que estudar.</p> |
| FAMILIAS | <p>1. Utilización da aplicación AbalarMobil para recibir avisos e notificacións.</p> <p>2. Comunicación regular e ben organizada co centro.</p> | <p>1. Pouca implicación.</p> <p>2. Baixa competencia dixital.</p> |
| OFERTA | | |
| ORGANIZACIÓN DO CENTRO | <p>1. Tanto o equipo directivo como o profesorado coinciden en que están abertos á ensinanza dixital e coñecen as normas sobre dereitos de autor.</p> <p>2. Hai coordinación do equipo directivo e profesorado nos procesos de actualización e innovación das prácticas do ensino aprendizaxe.</p> <p>3. O equipo directivo considera que facilita ferramentas dixitais para a avaliación de alumnado.</p> <p>4. O equipo directivo móstrase competente en termos de liderado na integración das tecnoloxías dixitais.</p> | |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|------------|--------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | | 1. A falta de fondos lastra a adaptación dixital do centro. |
| | LEXISLACIÓN | | 1. Considérase que en canto a protección de datos pódese mellorar. |
| | CONTORNA | | |
| | ANPA | 1. Moi boa disposición para calquera proposta que parta do equipo directivo ou do profesorado. | |
| | OUTRAS ENTIDADES | | |

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

| “Área/s de mellora”: LIDERADO: Recursos temporais e humanos para a mellora da formación específica. | | | | | | |
|---|---|-------------------------|--|--------------------------|--------------------|--|
| OBXECTIVO 1 (1): | Establecer unha liña de traballo para adquirir unha mellora da competencia dixital do profesorado | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo/Equipo TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Mellorar a competencia e o uso habitual das ferramentas básicas polo 80% do profesorado. | | | | | |
| Valor de partida (3) | Organizar os equipos de traballo ao inicio do curso. | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | O 80% do profesorado participa para coñecer e colaborar no uso das ferramentas dixitais na contorna da aprendizaxe. | | | Fin de curso | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1:Establecemento dun horario adicado á formación e colaboración entre o profesorado. | Equipo directivo/ Equipo TIC | 1ª quincena de decembro | Convocatoria pola dirección do centro. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2:Organización de mentorización por parte de persoal do CEFORE | CEFORE | 2ª semana de marzo | Recursos humanos. Aula de informática, dispositivos e conexión a internet mellorados | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Área/s de mellora”: Potenciar a adopción do uso da tecnoloxía na docencia. | | | | | | |
|--|---|------------------------------|---|---------------------------------|--------------------|--|
| OBXECTIVO 1 (1): | Promocionar a cultura colaborativa e a comunicación das experiencias entre o profesorado | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Responsable TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Uso habitual de todo o profesorado das ferramentas corporativas dispoñibles para os centros concertados (Xade, Classroom, Abalar, Correo) Obter un número mínimo de profesores que crean contidos para a Aula Virtual | | | | | |
| Valor de partida (3) | Creación dunha Aula Virtual dispoñible para todo o profesorado ante a imposibilidade da utilización da corporativa da Xunta. Colaboracións 0% | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Coñecemento do funcionamento da Aula Virtual, así como do resto das ferramentas dixitais utilizables na mesma. Colaboración dun 25% de traballo compartido na Aula | | | Fin de curso | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO2.1 Creación dun equipo de apoio encargado da coordinación sobre a creación de recursos dixitais na Aula Virtual. | Xefatura de estudos/ Responsable TIC | 2ª quincena de outubro | Acta de constitución da creación do grupo de coordinación | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.2 Formación para a creación de recursos dixitais da Aula Virtual | Xefatura de Estudos/ Responsable TIC | Final do 1º trimestre | Recursos humanos: expertos en recursos dixitais, equipo mentor. Equipos e conexión a internet. Editor de vídeo. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Área/s de mellora”: | | | | | | |
|--|---|-----------------------|--|--------------------------|--------------------|--|
| OBXECTIVO 1 (1): | Promoción dunha cultura de colaboración e comunicación, compartindo experiencias e aprendizaxes fora da organización, intercambiándoas con outras entidades e organizacións | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo TIC/Consellería de cultura, educación e universidade | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Acceso ás ferramentas institucionais (aulas virtuais) obtención de horas para facer as tarefas de adaptación precisas. | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0%, xa que o centro non dispón de acceso ás devanditas ferramentas institucionais. | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 50%, obter a lo menos acceso ás aulas virtuais para poder compartir materiais | | | Fin de curso 2022/23 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO3.1: Conceder a tódolos centros educativos sostidos con fondos públicos acceso as ferramentas corporativas para promover a colaboración e compartición de materiais educativos | Consellería de cultura, educación e universidade | Curso 2022/23 | Acceso ás ferramentas corporativas de educación. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.2: Obter horas de adicación ás tarefas de adaptación e creación de contas de usuarios do centro (profesores e alumnado) | Equipo TIC | Curso 2022/23 | Asignación de horas para implantar as ferramentas institucionais | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Área/s de mellora”: | | | | | | |
|--|---|-----------------------|-------------------------|--------------------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 1 (1): | Actualizar os dispositivos dixitais da aula de informática | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Persoa coordinadora das TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de equipos da aula de informática hardware anterior a 2014 actualizados (Instrumento: Memoria TIC) | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0% de equipos da aula de informática con hardware anterior a 2014 actualizados | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 75% de equipos da aula de informática con hardware anterior a 2014 actualizados | | | 15/12/2022 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO4.1:Determinar as necesidades de cada equipo da biblioteca | Persoa coordinadora das TIC | 1/11/2022 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.2: Solicitar e instalar os discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos equipos máis obsoletos | Persoa coordinadora das TIC. Persoa secretaria do centro | 15/12/2022 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Practicamente todo o equipo informático do centro atópase nun estado obsoleto. A maioría dos dispositivos teñen máis de 10 anos o que no mundo da informática. Isto implica que non se poden adecuar as características técnicas aos novos programas e aplicacións. Si atendemos ao fin último do Plan Dixital de centro, non se axusta á realidade coa visión do Plan Dixital.

En moitas ocasión, os mestres e profesores teñen serias dificultades para actualizar os navegadores ou usar diferentes recursos (como vídeos, presentación visuais...) preparados para os alumnos. Cada unha das aulas do centro debería contar cunha dotación básica de:

- Equipo informático actualizado, ordenador e pantalla
- Pizarra Dixital interactiva actualizada.
- Canón Proxector actualizado.

Polo tanto sería necesario repoñer a maioría de equipos informáticos do centro, salvo o de Secretaría e Dirección. Tamén cabe destacar que a maioría de aulas non están equipadas cunha pizarra dixital.

Algúns videoproxectores das aulas que están instalados no teito están tamén obsoletos.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan dixital e da consecución dos obxectivos do mesmo, estará suxeito a dous mecanismos de avaliación: a avaliación procesual e a avaliación final.

- A avaliación procesual levarase a cabo, como mínimo, unha vez por trimestre. Os aspectos a avaliar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- A avaliación final realizarase como mínimo, unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será presentado en primeiro lugar ante o Claustro de Profesores do noso centro. Unha vez informado o Claustro, será o Consello Escolar quen aprobe o Plan Dixital. Trala aprobación por parte do Consello Escolar, O Plan Dixital será publicado na páxina web do centro, e haberá unha copia en papel para a súa consulta na secretaría do centro.

Ao comezo do curso 2022/2023, farase chegar ao profesorado, a través dunha reunión informativa, os obxectivos e as función de cada un dos equipos, para acadar os mesmos dentro da temporización programada.